



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN TERRITORIAL DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”

Visto o "Proxecto de decreto polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. COBERTURA CONSTITUCIONAL E LEGAL

A protección do medio mariño atopa o seu fundamento xurídico no artigo 45 da Constitución, ao establecer, no seu apartado segundo, que os poderes públicos deben velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, con apoio na indispensable solidariedade colectiva.

Esta protección incumbe, en consecuencia, a todas as Administracións públicas, se ben a delimitación de competencias en materia de protección do medio mariño e prevención e loita contra a contaminación mariña presenta un réxime peculiar, segundo a contaminación teña a súa orixe no mar mesmo, ou ben teña unha orixe terrestre.



Así, a protección do medio mariño da contaminación de orixe terrestre segue o esquema xeral de reparto de competencias en materia de medio ambiente, segundo o cal, e de conformidade co artigo 149.1.23 da Constitución, é competencia exclusiva do Estado a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección. No que a Galicia se refire, a nosa Comunidade Autónoma asumiu, de conformidade co artigo 27.30 do seu Estatuto de Autonomía, as competencias exclusivas para elaborar as normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución. Ademais, o Estatuto de Autonomía tamén establece, no seu artigo 29, apartado 5, a competencia autonómica de execución en materia de verquidos, en especial os industriais e contaminantes en augas territoriais do litoral autonómico, competencia que, como pon de manifesto o propio Tribunal Constitucional na súa sentenza 149/1991, do 4 de xullo, non é máis que unha especificación da competencia máis ampla que tódalas Comunidades Autónomas teñen para executar a lexislación estatal sobre medio ambiente.

Polo contrario, a protección do medio mariño e prevención e loita contra a contaminación mariña cando esta teña a súa orixe na mar inclúese na materia de mariña mercante, de conformidade co sinalado no artigo 6.1.f) do Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, competencia atribuída con carácter exclusivo ao Estado polo artigo 149.1.20 da Constitución, se ben debe terse en conta que en relación a un dos contidos da mariña mercante, como é o referido ao salvamento marítimo, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu, no artigo 29.3 do seu Estatuto de Autonomía, as competencias de execución na materia; actividade, por outra parte, declarada na Lei como servizo público e na que se inclúe, como obxecto do mesmo, xunto ó salvamento marítimo, a prevención e loita contra a contaminación mariña. O Tribunal Constitucional pronunciouse tamén sobre a competencia estatal para a protección do medio mariño da contaminación que ten a súa orixe no mar,



confirmando a súa constitucionalidade na sentenza 40/1998, do 29 de febreiro.

De conformidade co exposto, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias executivas en todos aqueles supostos nos que a contaminación mariña ou verquido prodúcese desde a costa, ou ben, cando producíndose no mar, teña lugar unha afectación sensible ás zonas costeiras, motivo determinante para que Galicia poida e deba exercer as súas competencias normativas e executivas para a protección do medio ambiente mariño, máxime cando os seus recursos e a súa explotación constitúen un dos sectores vitais da nosa Comunidade

Por outra parte, a Comunidade Autónoma ten tamén competencias en materia de protección civil e que fundamentaron a nosa Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Respecto á normativa internacional, débese ter presente o Convenio internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990 (OPRC 90) e o seu Protocolo sobre substancias nocivas e potencialmente perigosas (OPRC-HNS 2000), en vigor en España dende o 13 de maio de 1995 e o 14 de xuño de 2007 respectivamente, que teñen como obxectivo a cooperación internacional e a asistencia mutua en incidentes maiores de contaminación mariña, e o desenvolvemento e mantemento nos Estados Parte da adecuada capacidade de preparación e resposta a emerxencias de contaminación mariña. Así mesmo, ambos os dous establecen a obriga de elaborar Plans específicos de preparación e loita contra a contaminación nos que se teñan en conta as directrices elaboradas pola Organización Marítima Internacional.

Respecto á normativa estatal, o Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña, aprobado mediante o Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro, establece a obriga da elaboración por parte das



Comunidades Autónomas litorais de plans territoriais para integrar a súa actuación no Sistema Nacional de Resposta.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tal como se indica na memoria xustificativa, a entrada en vigor do citado Sistema Nacional de Resposta fai necesaria a revisión do marco xeral de actuación a nivel autonómico ante un suceso de contaminación mariña accidental co obxecto de adaptalo ao novo marco normativo. Esta adaptación require a substitución do modelo en vigor por outro esquema de organización, centrado en torno ao Sistema Nacional de Resposta, co fin de permitir unha mellor coherencia e cooperación das actuacións encadradas nos distintos niveis de plans de continxencias: locais de protección da ribeira, interiores marítimos, territorial e nacionais.

O marco de actuación autonómico ante un suceso de contaminación mariña accidental ven establecido no Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal). Dito Plan, vixente na actualidade, foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 27 de setembro de 2012 e publicado mediante resolución da Consellería do Medio Rural e do Mar do 28 de setembro de 2012.

Co fin de revisar o Plan Camgal, creouse unha comisión de traballo coa representación de todas as consellerías implicadas na loita contra a contaminación mariña accidental para revisar e adaptar a normativa autonómica aos requirimentos da normativa estatal. Nunha primeira revisión, sopesouse a posibilidade de modificar o Decreto 155/2012, do 5 de xullo; non obstante, tendo en conta que dita modificación afectaba a case a totalidade do articulado, o grupo de traballo optou pola elaboración



dun novo texto que é o que se plasma na presente disposición normativa.

III. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

Dentro da estrutura orgánica da Administración autonómica, tal como pon de manifesto a memoria xustificativa do anteproxecto, a xestión das continxencias por contaminación mariña accidental incumbe, no seu ámbito de competencias, ás consellerías do Mar, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Sanidade e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, motivo polo que, ao abeiro do disposto no art. 38.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante acordo do 14 de xuño de 2016, atribuíu á Consellería do Mar o impulso do procedemento de elaboración e tramitación do proxecto de decreto polo que se establece a estrutura e organización do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, en todas as súas fases, por incidir máis directamente na materia da súa competencia.

O proxecto de decreto elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, iniciouse a elaboración do texto pola Secretaría Xeral Técnica, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo Técnico-Xurídico.



Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola conselleira do Mar como proxecto de decreto.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o proxecto publicouse na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 23 de xuño e o 2 de setembro de 2016, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas do 2 de setembro de 2016, sen que se formularan observacións ao texto.

Para cumprir co trámite de audiencia previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, enviouse o proxecto de decreto aos seguintes organismos: Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento, Portos do Estado do Ministerio de Fomento, Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo do Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Federación Galega de Municipios e Provincias, Consello Superior de Investigacións Científicas de Vigo, centros oceanográficos de Vigo e Coruña do Instituto Español de Oceanografía, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, así como ás secretarías xerais técnicas das consellerías da Xunta de Galicia. Formularon alegacións e suxestións a Dirección Xeral da Mariña Mercante, a Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, o Centro Oceanográfico de Vigo e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, co resultado indicado na memoria xustificativa.

Con data 28 de xullo de 2016, a Secretaría Xeral de Igualdade emite informe sobre impacto de xénero, formulando unha serie de recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero no texto. Tales observacións introducíronse no texto en consonancia co indicado no informe.



Con data 3 de xullo de 2016, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos informa favorablemente o proxecto de decreto ao non implicar un incremento do gasto público e por adaptarse ás disponibilidades orzamentarias vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto tamén foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Consellería do Mar con data 14 de setembro de 2016.

Finalmente, e antes da súa elevación ao Consello da Xunta, a titular da Consellería do Mar deberá concluír o procedemento mediante unha resolución que aprobe definitivamente o proxecto, de conformidade co establecido no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

IV. ESTRUCTURA E CONTIDO

Este proxecto de decreto consta dun preámbulo e 28 artigos, estruturados en seis capítulos, co seguinte detalle:

CAPÍTULO I. Disposicións xerais (arts. 1 e 2)

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Subsistemas de resposta e plans de continxencias

CAPÍTULO II. O Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal) (arts. 3 a 6)

Artigo 3. Obxectivos

Artigo 4. Contido

Artigo 5. Elaboración e aprobación



Artigo 6. Vixencia

20) CAPÍTULO III. Organización operativa do Plan Camgal (arts. 7 a

14) Sección 1ª. Órganos de dirección e resposta do Plan Camgal (arts. 7 a

Artigo 7. Presidencia e dirección

Artigo 8. Órganos de resposta

Artigo 9. O Centro de Coordinación Operativa

Artigo 10. O Comité de Dirección

Artigo 11. O Comité Técnico Asesor

Artigo 12. As persoas coordinadoras de operacións.

Artigo 13. Os grupos operativos de resposta.

Artigo 14. As unidades de apoio

Sección 2ª. Procedemento de activación e desactivación do Plan Camgal (arts. 15 a 20)

Artigo 15. Fases e situacións de emerxencia

Artigo 16. Niveis de resposta do Plan Camgal

Artigo 17. Avaliación da continxencia marítima

Artigo 18. Activación do Plan Camgal

Artigo 19. Criterios de coordinación de operacións entre distintos plans de continxencias

Artigo 20. Procedemento de desactivación do Plan Camgal

(arts. 21 a 25) CAPÍTULO IV. Medidas para a implementación do Plan Camgal

Artigo 21. Suspensión de servizos ordinarios

Artigo 22. Centro de operacións

Artigo 23. Dotación de material

Artigo 24. Exercicios e formación

Artigo 25. Recursos financeiros



CAPÍTULO V. Outras disposicións (arts. 26 a 28)

Artigo 26. Plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación na Comunidade Autónoma de Galicia


Artigo 27. Plans interiores marítimos das instalacións industriais situadas no ámbito costeiro da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 28. Plans interiores marítimos dos portos situados no ámbito costeiro da Comunidade Autónoma de Galicia

Complétase o proxecto de decreto cunha disposición transitoria, referida a que o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia con data do 27 de setembro de 2012, manterá a súa vixencia ata a aprobación do texto revisado do Plan Camgal; unha disposición derogatoria, referida ao Decreto 155/2012, do 5 de xullo; e dúas disposicións derradeiras, a primeira referida á competencia de desenvolvemento, e a segunda, á entrada en vigor.

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron todos os trámites legais preceptivos, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2016
A secretaria xeral técnica



María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade